

PROGRAMA DE ACTIVACIÓN Á TRANSFERENCIA DE COÑECEMENTO NO CAMPUS TERRA

GUÍA PARA O PERSOAL
INVESTIGADOR



CONTIDO

01

A Valorización no
Campus Terra

02

Obxectivo do
programa

03

Criterios de
Elexibilidade e
Avaliación

04

Axenda prevista

05

Presentación de
propostas

06

A AVTE no
programa



01 A VALORIZACIÓN NO CAMPUS TERRA

O CAMPUS TERRA:

- Busca fomentar os principios de **igualdade, sustentabilidade, respecto ao medio ambiente e cooperación**.
- Ten como obxectivo o **desenvolvemento do tecido produtivo da súa contorna**, transferindo á sociedade o coñecemento xerado mediante a colaboración con empresas e institucións.
- Busca a **divulgación e a transferencia**, como medios para asegurar unha maior calidade da investigación facilitando a interacción en ambos sentidos. Permitindo que a investigación proporcione respostas a problemas que a sociedade percibe como relevantes, e que dita investigación dispoña de recursos suficientes para poder levarse a cabo cas mellores garantías de éxito.
- Ofrece **ferramentas de valorización** para que a investigación xerada nos grupos de investigación afíns aos eixos de especialización do propio campus, sexa orientada e posúa máis potencial para a súa transferencia a empresas e entidades públicas.



02 OBJECTIVO DO PROGRAMA

A investigación do Campus Terra como fonte da transformación económica e social do sector primario

O obxecto deste programa é a financiación de proxectos con resultados de investigación que:

- Estean nunha fase de desenvolvemento e validación inicial (TRL 4 ou TRL 5).
 - Necesiten un proceso de validación técnica que lles permita acceder a niveis de madurez tecnolóxica avanzada e acometer así novas probas de concepto ou escalado.
-

03 CRITERIOS DE ELEXIBILIDADE E AVALIACIÓN



Criterios Elexibilidade:

Para poder concorrer a esta convocatoria, os proxectos presentados deberán cumprir unha serie de requisitos:

01 Deben ser proxectos aliñados cos eixos de especialización do Campus Terra:

- Produción vexetal e agricultura sostible.
- Produción e saúde animal sostibles.
- Alimentación segura e saudable.
- Xestión forestal sostible.
- Novas tecnoloxías: TICs, ómicas, ...etc.
- Cambio climático.
- Biodiversidade e infraestruturas verdes.
- Unha única saúde. OneHealth.
- Historia e cultura no mundo rural.

03

CRITERIOS DE ELEXIBILIDADE E AVALIACIÓN



criterios Elexibilidade:

- 02** Contar cunha **traxectoria previa de Investigación** que a través do financiamento público ou privado de proxectos de I+D+i teña xerado **novo coñecemento, metodoloxías de traballo** ou **datos novidosos** e con potencial de aplicación.

- 03** Proxectos que se atopen nunha **fase de maduración tecnolóxica mínima** equivalente a **TRL 4** ou **TRL 5**:
 - **TRL 4:** Validación de compoñente e/ou disposición dos mesmos en entorno de laboratorio ou equivalente. Pódese medir que o prototipo é escalable e ten unhas vantaxes medibles.
 - **TRL 5:** Validación de compoñente e/ou disposición dos mesmos nun entorno relevante ou equivalente. O prototipo xa conta con validacións nun ambiente real simulado e o usuario da tecnoloxía coñece os beneficios.

03

CRITERIOS DE ELEXIBILIDADE E AVALIACIÓN



Criteria Elexibilidade:

- 04** Proxectos de investigación que posúan xa un **resultado de investigación validable e escalable**.
- 05** Que exista unha **oportunidade de aplicación** económica ou social dese novo coñecemento.
- 06** Identificar elementos críticos que, de ser abordados, permitan **activar unha nova fase de escalado** que achegue a investigación ao proceso de transferencia.
- 07** O **orzamento** solicitado debe ser **acorde coas actividades e obxectivos** propostos no proxecto presentado.

03 CRITERIOS DE ELEXIBILIDADE E AVALIACIÓN



Criterios Elexibilidade:

- 08** Que a proposta conteña un **potencial destinatario ou colaborador no proceso de transferencia** que estea disposto a asumir compromisos para que estes resultados poidan ter aplicación. Poderán ser tanto **empresas como entidades públicas ou privadas**, en diversos ámbitos aliñados cos eixos de especialización do Campus Terra.





CUESTIÓN CHAVE DO PROGRAMA



Beneficiarios

Persoal investigador e grupos de investigación vencellados ao Campus Terra.



Financiamento por proxecto

Financiación máxima de ata 15.000€.



Tipoloxía de gasto financiable

- Contratación de servizos externos.
- Material funxible.
- Pequeno equipamento.
- Contratación de persoal.
- Viaxes e dietas.



Duración dos Proxectos

De 3 a 8 meses.



Seguimento dos Proxectos

Técnicos do Campus Terra e da AVTE.

03 CRITERIOS DE ELEXIBILIDADE E AVALIACIÓN




Criterios Avaliación:

- **Coherencia e idoneidade das validacións** propostas e da **viabilidade técnica e económica** para acadar os obxectivos no período de tempo establecido (20%).
- **Grao de novidade e vantaxes** que aporta a solución proposta (20%): **Innovación** respecto aos produtos ou servizos dispoñibles actualmente.
- **Importancia da necesidade** que se pretende satisfacer e **impacto social, e económico** (30%). **Cuantificar, na medida do posible, o impacto económico e/ou social.**
- **Adecuación e grao de compromiso** das empresas ou entidades colaboradoras na **transferencia de resultados de investigación** (15%): **recursos achegados ao proceso e compromiso de asinar o contrato para a implementación da solución proposta.**
- **Grao de madurez dos resultados** , especificando e argumentando en que **TRL se atopa** (10%).
- **Contribución da solución proposta aos ODS** incluíndo a perspectiva de **xénero** (5%).

04

AXENDA PREVISTA



05

PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

01 Presentación de solicitudes

- Farase a través do coordinador do proxecto, achegando a **ficha de solicitude** cuberta e firmada a través dun correo a Campus Terra (campus.terra@usc.es).
- A persoa solicitante (coordinador da proxecto) debe ser Investigador/a **vencellado/a aos eixos de especialización do Campus Terra**.
- O equipo de traballo do proxecto pode incluír a investigadores de outras disciplinas (incluíndo áreas de coñecemento do campus de Santiago de Compostela) ou colaboradores externos.

02 Selección de propostas.

- Persoal técnico do Campus Terra e da Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento **analizará e seleccionará as propostas que cumpran coas condicións de elixibilidade** requiridas nesta convocatoria para, posteriormente, achegalas ao Comité Avaliador.
- O coordinador do proxecto será informado en todo momento.



05 PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

03 Presentación e Avaliación da proposta no Comité de Avaliación

- Os coordinadores das propostas seleccionadas deberán **presentar o proxecto ao Comité de Avaliación**. Proporcionarase un esquema que incluíra a información relevante para o Comité de Avaliación. Dado que o tempo de presentación e defensa é limitado, deberán axustarse na medida do posible a este esquema.
- O Comité Avaliador estará formado por **profesionais cunha traxectoria recoñecida no ámbito da innovación empresarial e o desenvolvemento de negocio e novos produtos** tanto no ámbito empresarial como na administración pública ou outros axentes sociais, que teña relación coas áreas de coñecemento do Campus Terra.
- Tras a reunión, o Comité de Avaliación presentará unha **proposta de proxectos financiados**.



05 PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS

04 Aceptación e Seguimento das propostas.

- Unha vez que a proposta sexa seleccionada favorablemente polo Comité de Avaliación, se firmará o **documento de aceptación** no que constará o período e importe de actividade e os fitos que deberán cumprirse durante o seu desenvolvemento.
- O avance dos proxectos controlárase a través do establecemento de **fitos e o seguimento dos mesmos** por persoal técnico do Campus Terra e da AVTE.
- Se nalgún momento se fixese evidente a imposibilidade de cumprir algún dos fitos marcados e o proxecto non puidese ser reconducido para alcanzar o obxectivo final previsto, o Campus Terra poderá dalo por terminado recuperándose o crédito non consumido para financiar outras accións do mesmo programa.



06 A AVTE NO PROGRAMA

- Os proxectos contarán dende o primeiro momento co acompañamento e asesoramento do persoal técnico do Campus Terra e da AVTE para contribuír a unha adecuada orientación das candidaturas.
- No caso de que a proposta non sexa adecuada para este Programa de Activación a Transferencia de Coñecemento, a AVTE tratará de orientar aos grupos de investigación na busca de alternativas para financiar proxectos de valorización e transferencia.
- A AVTE participará tamén no seguimento dos proxectos, unha vez sexan aprobados para a súa financiación, e implicarase nos procesos derivados da finalización exitosa dos mesmos, facilitando a sinatura de acordos ou convenios que fagan posible a aplicación social e económica do coñecemento transferido.

QUE É A AVTE?

A Área de Valorización, Transferencia e Emprendemento é o servizo, dependente da Reitoría da USC, encargado da xestión integral do proceso de transferencia de resultados de investigación, a creación de empresas e a promoción do emprendemento.

O seu obxectivo é conseguir que os resultados de investigación xerados nos departamentos e centros da USC teñan non só utilidade académica, se non tamén un impacto económico e social.

A AVTE dá servizo a toda a comunidade universitaria e as entidades e empresas interesadas en incorporar os resultados de investigación no seus procesos de innovación. <https://www.usc.gal/es/AVTE>.